

UNHA EXCURSIÓN MOI DIVERTIDA

Nesta unidade didáctica abordaranse os temas da granxa e dos alimentos, investigaremos sobre a orixe dos alimentos habituais da nosa dieta e falaremos dos animais da granxa e das súas crías . Así mesmo falaremos do entroido, disfrazámonos, bailamos ao son da música, e convertémonos noutros personaxes grazas aos disfraces e aos seus compoñentes (as caretas, os antefaces, ...). Para rematarmos, lembraremos a importancia de manter unha alimentación sa e equilibrada, evitando o consumo excesivo de doces e lambetadas.

1. Adoptar hábitos alimenticios sans:
 - Alimentación sa e variada.
 - Lavado de mans, cepillado de dentes
 - Uso axeitado de cubertos.
 - Bo comportamento na mesa,...
2. Conversar sobre os ingredientes das comidas que na casa se preparan, por exemplo a tortilla leva ovos e patatas,...prestando especial atención ao realizar a compra en familia.
3. Conversar sobre fotos, debuxos,... de distintos animais (coello, cabalo, vaca, cabra...) para que vaian dicindo como se chaman as súas crías (cazapo, poldro, tenreiro, cabrito...) e se nacen de ovos ou do ventre da súa nai.
4. Traer á aula alimentos de orixe animal e vexetal.
5. Letras "t", "d". Traer á aula palabras que conteñan ese fonema e os xa traballados.
4. Traer á aula unha foto súa disfrazado (se xa a posúe), para expoñela na aula.



GRAZAS